

## **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONCELLO PLENO DO 03.08.2023**

No salón de sesións da Casa Consistorial do Concello de Fene (A Coruña), cando son as 10.10 h do 03.08.2023, baixo a presidencia do alcalde Juventino José Trigo Rey, reúnese, en primeira convocatoria, o Pleno do Concello co obxecto de realizar a sesión ordinaria convocada para hoxe.

Asistiron os/as concelleiros/as:

Alejandra Permuy Meizoso, Manuel Polo Gundín, Cristina García Moroño, Justo Martínez Ardá, María de los Ángeles Coira López, Adán Chao Pardo, Gumersindo Pedro Galego Feal, Rocío Aurora Bértoa Puente, Tamara Miragaya López, José Andrés Serantes Panceiras, Alejandro Dopico Rodríguez, Noemí Carballo Cabo, Joaquín Julián Ayala Garrido, María José Ares Sanmartín, Eloy Rico López e María Carmen Martínez Rodríguez.

Secretaria accidental: Ivón Carrodegua Rodríguez

Interventora: Eva María Casal Sanjurjo

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 90.1 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, declara aberta a sesión e procede ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

### **1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do 13.07.2023**

Ao non haber ningunha obxección, queda aprobada a acta da sesión ordinaria do 13.07.2023.

### **2. Dación de conta das Resolucións da alcaldía dende a núm. 702/2023 á 797/2023**

Os/as concelleiros/as danse por informados/as.

### **3. Aprobación, se procede, da Proposta da alcaldía de aprobación do recoñecemento extraxudicial de créditos 03/2023, expediente de Pleno 03-2023**

Consta no expediente a seguinte Proposta que foi ditaminada favorablemente na sesión ordinaria da Comisión Informativa de Dinamización Económica do 24.07.2023, por 6 votos a favor (3 do grupo municipal do BNG, 2 do grupo Municipal Socialista e 1 do grupo Mixto municipal), e 3 abstencións (3 do grupo municipal do Partido Popular), que transcrita di:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO RECOÑECIMENTO EXTRAXUDICIAL DE CRÉDITO 03-2023, EXP. DE PLENO 03-2023

EXP. 2023/G006/000210

As facturas incluídas no presente expediente corresponden a subministracións fornecidas no 2022 e que quedaron pendentes de imputación.

O nome de “recoñecemento extraxudicial de crédito” deriva da posibilidade que teñen as Entidades Locais para proceder a recoñecer aquelas obrigas económicas que, aínda incumprindo a norma de non ter consignación orzamentaria ou de non seguir o procedemento de adxudicación correspondente, derivan de prestacións de servizos, execución de obras ou entrega de materiais que efectivamente se realizasen, evitando así a necesidade de iniciar as accións xudiciais correspondentes por parte dos contratistas, que serían estimadas en base á teoría do enriquecemento inxusto. De aí deriva o nome de recoñecemento extraxudicial en canto vense a substituír ós órganos xudiciais.

En definitiva, a proposta de recoñecemento extraxudicial pretende que o Concello recoñeza como propias as obrigas para con terceiros derivadas das prestacións por estes realizadas en anos anteriores, evitando así o enriquecemento inxusto da Administración.

O gasto que se propón recoñecer como extraxudicial foi realizado antes do 2023, resultando necesario e indispensable para o normal funcionamento dos servizos municipais, pero non puideron ser imputados ao exercicio ao que correspondían pola inexistencia de crédito no orzamento ao que deberían ser imputados.

Considérase necesario e obrigado atender aos gastos incorridos para evitar o prexuízo ao terceiro contratante coa Administración, e o correlativo enriquecemento inxusto ou sen causa desta.

Así mesmo, a imputación do gasto ao exercicio corrente encádrase dentro das marxes para efectuar un recoñecemento extraxudicial de crédito polo concello de conformidade coas disposicións das BEO 27ª do orzamento do exercicio 2022, prorrogado para o 2023, e considerando a efectiva prestación das subministracións, constando as facturas acreditativas.

A intervención municipal con data 19 de xullo de 2023 emite o informe de fiscalización en relación ao presente expediente, no que emite as seguintes conclusións:

“Por todo o anterior e de acordo co establecido no artigo 215 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais **fiscalízase con reparo** o recoñecemento e liquidación de obrigas instrumentadas nas facturas recollidas como antecedentes no presente informe.

A formulación deste reparo suspenderá a tramitación do expediente ata que este sexa levantado polo órgano competente, que neste caso será o Pleno da Corporación de acordo co artigo 217 do mesmo texto legal.”

No informe da Intervención municipal de fiscalización do expediente de recoñecemento extraxudicial de créditosponse de manifesto, entre outras cuestións, a necesidade de que polo concello se proceda ó recoñecemento e pago das facturas pois noutro caso estaría a producirse un enriquecemento inxusto da administración.

Por todo o anterior, esta Alcaldía emite a seguinte proposta de acordo para que polo Pleno se adopten os seguintes acordos:

**Primeiro.-** Levantar o reparo suspensivo interposto pola intervención municipal á aprobación das facturas que forman parte do expediente, por importe total de **49.492,37€**.

**Segundo.-** Aprobar o recoñecemento extraxudicial de créditos núm. 3/2023 de Pleno, por un importe total de **49.492,37€**.

**Terceiro.-** Autorizar e dispoñer do gasto e recoñecer a obriga a favor dos provedores, polo importe que se especifica e con cargo ás aplicacións orzamentarias detalladas, ordenando o pagamento por un importe total de **49.492,37€**, das facturas que se indican, co seguinte detalle:

Nº de Entrada	Nº Dto.	Importe Total	Nome	Texto Explicativo	Prog	Econ
F/2022/3824	PI2214200 0406387	12.840,99	GAS NATURAL COMERCIALIZADORA S.A.	SUBMINISTRO DE ENERXIA ELECTRICA MES DE SETEMBRO DE 2022 LGR ALDEA DE RILO S/N. DEPURADORA	160	22100
F/2022/4349	PI2214200 0447194	13.957,18	GAS NATURAL COMERCIALIZADORA S.A.	SUBMINISTRO DE ENERXIA ELECTRICA MES DE OUTUBRO DE 2022 LGR ALDEA DE RILO S/N. DEPURADORA	160	22100
F/2022/4959	PI2214200 0497393	22.694,20	GAS NATURAL COMERCIALIZADORA S.A.	SUBMINISTRO DE ENERXIA ELECTRICA MES DE NOVEMBRO DE 2022 LGR ALDEA DE RILO S/N. DEPURADORA	160	22100
<b>TOTAL</b>		<b>49.492,37</b>	<b>X/2022/4</b>			

**Cuarto.-** Dar traslado do presente acordo á Intervención e á Tesourería.

En Fene, asinado dixitalmente polo alcalde, Juventino Trigo Rey, na data da marxe.”

**Sometido o asunto a votación, foi aprobado por maioría absoluta logo de obter 11 votos a**

**favor (7 do grupo municipal do BNG, 3 do grupo municipal Socialista e 1 do grupo Mixto municipal) e 6 abstencións (6 de grupo municipal do Partido Popular)**

Á vista do resultado da votación, o Pleno acorda:

**Primeiro.- Levantar o reparo suspensivo interposto pola intervención municipal á aprobación das facturas que forman parte do expediente, por importe total de 49.492,37€.**

**Segundo.- Aprobar o recoñecemento extraxudicial de créditos núm. 3/2023 de Pleno, por un importe total de 49.492,37€.**

**Terceiro.- Autorizar e dispoñer do gasto e recoñecer a obriga a favor dos provedores, polo importe que se especifica e con cargo ás aplicacións orzamentarias detalladas, ordenando o pagamento por un importe total de 49.492,37€, das facturas que se indican, co seguinte detalle:**

Nº de Entrada	Nº Dto.	Importe Total	Nome	Texto Explicativo	Prog	Econ
F/ 2022/3824	PI221420 00406387	12.840,99	GAS NATURAL COMERCIALIZADORA S.A.	SUBMINISTRO DE ENERXIA ELECTRICA MES DE SETEMBRO DE 2022 LGR ALDEA DE RILO S/N. DEPURADORA	160	22100
F/ 2022/4349	PI221420 00447194	13.957,18	GAS NATURAL COMERCIALIZADORA S.A.	SUBMINISTRO DE ENERXIA ELECTRICA MES DE OUTUBRO DE 2022 LGR ALDEA DE RILO S/N. DEPURADORA	160	22100
F/ 2022/4959	PI221420 00497393	22.694,20	GAS NATURAL COMERCIALIZADORA S.A.	SUBMINISTRO DE ENERXIA ELECTRICA MES DE NOVEMBRO DE 2022 LGR ALDEA DE RILO S/N. DEPURADORA	160	22100
<b>TOTAL</b>		<b>49.492,37</b>	<b>X/2022/4</b>			

**Cuarto.- Dar traslado do presente acordo á Intervención e á Tesourería.**

**4. Aprobación, se procede, da Proposta da alcaldía de determinación dos festivos locais do ano 2024, expediente 2023/G006/000222**

Consta no expediente a seguinte Proposta que foi ditaminada favorablemente na sesión ordinaria da Comisión Informativa de Dinamización do Emprego, Seguridade e Participación Veciñal do 24.07.2023, por 9 votos a favor (3 do grupo municipal do do Bloque Nacionalista Galego, 3 do grupo municipal do Partido Popular, 2 do grupo municipal Socialista de Fene e 1 do Grupo Mixto municipal), que transcrita di:

**"PROPOSTA DA ALCALDÍA**

Asunto: Determinación dos festivos locais do 2024

Como todos os anos, o Concello de Fene ten que determinar dous días de festa local no termo municipal de Fene, de carácter retribuído e non recuperable, para o vindeiro ano.

Polo anterior, propónse que o Pleno do Concello de Fene ACORDE:

**PRIMEIRO.-** Declarar como festivos locais para o ano 2024 as seguintes datas:

14 DE FEBREIRO DE 2024	Mércores de cinza
6 DE AGOSTO DE 2024	San Salvador

En Fene, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. alcalde Juventino José Trigo Rey”

**Sometido o asunto a votación, foi aprobado por unanimidade dos concellerios/as (17).**

Á vista do resultado da votación, o Pleno acorda aprobar o seguinte:

**PRIMEIRO.- Declarar como festivos locais para o ano 2024 as seguintes datas:**

<b>14 DE FEBREIRO DE 2024</b>	<b>Mércores de cinza</b>
<b>6 DE AGOSTO DE 2024</b>	<b>San Salvador</b>

**5. Previa ratificación da súa inclusión na orde do día, ratificación, se procede, do acordo adoptado na Resolución da alcaldía 797/2023**

Sométese a votación a ratificación da inclusión na orde do día da seguinte Resolución da Alcaldía, resultando aprobada pola unanimidade dos membros da Corporación (17 votos):

#### **“RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA**

Asunto: REQUIRIMENTO PREVIO FRONTE Á RESOLUCIÓN DE APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE FENE PARA A DELIMITACIÓN DOS NÚCLEOS RURAIS DOS BUIOS, O REDONDO, O FEAL, LUBIÁN E O PIÑEIRO

EXPTE.: 2023/G003/000876

O 29 de maio de 2023 publicouse no Diario Oficial de Galicia a Resolución do 15 de maio de 2023 da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, pola que se fai pública a aprobación definitiva da modificación puntual do Plan xeral de ordenación municipal de Fene para a delimitación dos núcleos rurais dos Buios, O Redondo, O Feal, Lubián e O Piñeiro.

Nesta Resolución dispónse:

“III. Informe.

– Cuestións urbanísticas:

Foron cubertas as observacións formuladas no informe da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo do 9.3.2021, non obstante, na parte sur do núcleo dos Buios prodúcense dous incrementos da delimitación para integrar edificacións dentro do núcleo e enténdese que as máis afastadas son alleas a el e provocan un crecemento impropio ao longo das vías de comunicación; cuestión que non se axusta ao establecido nas Diretrizes de ordenación do territorio.

– Adaptación ao Plan de ordenación do litoral:

Todos os terreos obxecto das delimitacións están incluídos na área de ordenación do POL, sen incidencia na imaxe do bordo litoral, e con pequenas afeccións de áreas de corredor ecolóxico, como o que discorre entre os núcleos dos Buios e O Redondo asociado ao río Magalofes, o que estrema ao oeste co de Lubián, así como o situado ao norte do de O Piñeiro, asociado ao río Ba.

Téñense incluído modificacións que dan resposta aos aspectos indicados na consulta ambiental referentes aos núcleos de Lubián e O Piñeiro. Porén, no caso do núcleo dos Buios, as modificacións resultan discordantes co modelo territorial do POL e delimitáanse novos crecementos ao longo de dúas vías de comunicación que se dirixen cara ao sur do núcleo, sobre terreos substancialmente baleiros, sen construcións de carácter tradicional que, agás as máis próximas, non cabe entendelas como funcionalmente vencelladas a el.

Segundo o artigo 37.c) da normativa do POL, que recolle os principios de aplicación á área de ordenación, deben favorecerse os procesos de compactidade dos núcleos existentes e evitarse os continuos lineais ao redor das vías de comunicación, como o da delimitación proposta; e cómpre corrixi-la para adaptala aos principios, criterios e normas do POL.

#### IV. Resolución.

En consecuencia, apróbase definitivamente a modificación puntual do PXOM de Fene para a delimitación dos núcleos rurais dos Buios, O Redondo, O Feal, Lubián e O Piñeiro; **agás a parte sur do núcleo dos Buios sinalada no punto III anterior.**

A Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-administrativa (en diante LXCA) estipula no seu artigo 44 que "1. En los litigios entre Administraciones públicas no cabrá interponer recurso en vía administrativa. No obstante, cuando una Administración interponga recurso contencioso-administrativo contra otra, podrá requerirla previamente para que derogue la disposición, anule o revoque el acto, haga cesar o modifique la actuación material, o inicie la actividad a que esté obligada."

O artigo 21.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local dispón que "El ejercicio de las acciones judiciales y administrativas y la defensa del ayuntamiento en las materias de su competencia, incluso cuando las hubiere delegado en otro órgano, y, en caso de urgencia, en materias de la competencia del Pleno, en este supuesto dando cuenta al mismo en la primera sesión que celebre para su ratificación."

Por parte desta Alcaldía tense coñecemento, por reunións mantidas pola Dirección Xeral de Ordenación do territorio e Urbanismo con representantes da Corporación como con propietarios dos terreos afectados do núcleo dos Buios, da viabilidade de incorporar algúns terreos da parte sur do núcleo dos Buios en consonancia co documento que foi obxecto de aprobación provisional por parte do Pleno Municipal en sesión do 17.01.2023

O vindeiro 31 de xullo rematará o prazo para recorrer esta Resolución e, dada a urxencia e os antecedentes postos de manifesto, ante a desconformidade desta Alcaldía respecto do acordado pola Resolución do 15 de maio de 2023, da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, pola que se fai pública a aprobación definitiva da modificación puntual do Plan xeral de ordenación municipal de Fene para a delimitación dos núcleos rurais dos Buios, O Redondo, O Feal, Lubián e O Piñeiro respecto da parte sur do núcleo dos Buios, RESOLVO:

PRIMEIRO.-Requirir, conforme ao previsto no artigo 44 LXCA, á Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo que a Resolución do 15 de maio de 2023, da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, pola que se fai pública a aprobación definitiva da modificación puntual do Plan xeral de ordenación municipal de Fene para a delimitación dos núcleos rurais dos Buios, O Redondo, O Feal, Lubián e O Piñeiro respecto do acordado para a parte sur do núcleo dos Buios en base á seguinte motivación:

**1.-Remitímonos, aos planos e informes elaborados polo equipo redactor da modificación do citado planeamento, e incorporados ao seu informe de data 21-11-2022, e aprobadas por unanimidade tamén por todos os grupos políticos que conforman a Corporación municipal do Concello de Fene no Pleno que tivo lugar o pasado 17 de xaneiro de 2023.**

**2. O contido do apartado III da Resolución desa Dirección Xeral en relación aos terreos situados na parte sur do núcleo dos Buios carece da concreción necesaria por non incluír unha delimitación alternativa á aprobada polo Pleno Municipal o 17.01.2023.**

**3.-Na zona á que se fai referencia no apartado III da Resolución existen vivendas tradicionais e de máis recente construción que compren coa porcentaxe mínima de consolidación segundo a Lei do Solo de Galicia.**

**Por outra banda, as dúas zonas en cuestión se desenvolven ao longo de viais de carácter local cunha lonxitude de 260m e 370m respectivamente que forman parte do núcleo dos Buios, sen posibilidade de estenderse fóra do ámbito delimitado. Unha das vías ten**

**continuidade cunha pista forestal e a outra cunha zona de monte que dá paso ao termo municipal de Cabanas.**

**Polo tanto, entendemos que non se vulnera o disposto no art. 37 do Plan de Ordenación do Litoral de Galicia.**

SEGUNDO.-Dar conta ao Pleno desta Resolución na primeira sesión que se realice para a súa ratificación.

TERCEIRO.-Notificar este acordo á Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo.

En Fene, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. alcalde Juventino José Trigo Rey, do que eu, Estefanía Manteiga Lamas, como secretaria, dou fe.”

Sometido o asunto a votación, foi aprobado por maioría absoluta logo de obter 11 votos a favor (7 do grupo municipal do BNG, 3 do grupo municipal Socialista e 1 do grupo Mixto **municipal**) e **6 votos abstencións do grupo municipal do PP.**

Á vista do resultado da votación, o Pleno acorda aprobar o seguinte:

**PRIMEIRO.-Requirir, conforme ao previsto no artigo 44 LXCA, á Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo que a Resolución do 15 de maio de 2023, da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, pola que se fai pública a aprobación definitiva da modificación puntual do Plan xeral de ordenación municipal de Fene para a delimitación dos núcleos rurais dos Buíos, O Redondo, O Feal, Lubián e O Piñeiro respecto do acordado para a parte sur do núcleo dos Buíos en base á seguinte motivación:**

**1.-Remitímonos, aos planos e informes elaborados polo equipo redactor da modificación do citado planeamento, e incorporados ao seu informe de data 21-11-2022, e aprobadas por unanimidade tamén por todos os grupos políticos que conforman a Corporación municipal do Concello de Fene no Pleno que tivo lugar o pasado 17 de xaneiro de 2023.**

**2. O contido do apartado III da Resolución desa Dirección Xeral en relación aos terreos situados na parte sur do núcleo dos Buíos carece da concreción necesaria por non incluír unha delimitación alternativa á aprobada polo Pleno Municipal o 17.01.2023.**

**3.-Na zona á que se fai referencia no apartado III da Resolución existen vivendas tradicionais e de máis recente construción que compren coa porcentaxe mínima de consolidación segundo a Lei do Solo de Galicia.**

**Por outra banda, as dúas zonas en cuestión se desenvolven ao longo de viais de carácter local cunha lonxitude de 260m e 370m respectivamente que forman parte do núcleo dos Buíos, sen posibilidade de estenderse fóra do ámbito delimitado. Unha das vías ten continuidade cunha pista forestal e a outra cunha zona de monte que dá paso ao termo municipal de Cabanas.**

**Polo tanto, entendemos que non se vulnera o disposto no art. 37 do Plan de Ordenación do Litoral de Galicia.**

SEGUNDO.-Dar conta ao Pleno desta Resolución na primeira sesión que se realice para a súa ratificación.

TERCEIRO.-Notificar este acordo á Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo.

## **6. Mocións urxentes**

Non se presenta ningunha

## **7. Rogos e preguntas**



As intervencións dos membros da Corporación desta acta recóllense fidedignamente no arquivo dixital que contén o vídeo e audio desta sesión, e que ten a seguinte pegada dixital (SHA512):

**f079f90bc1bee438ea49a487400c7b7564a45f5d9acd63ee63479c121bbb21b7  
a6a5b0ebab8a6fffe1d61e6eea09b029606c234a14e5182bc05002c69a595cff**

Ao non haber máis asuntos que tratar, a presidencia declara rematado o acto cando son as 10.35 h, de todo o que, como secretaria, dou fe.

En Fene, asinado dixitalmente na data que figura na marxe pola secretaria accidental, Ivón Carrodeguas Rodríguez e polo alcalde, Juventino José Trigo Rey.

0-G  
369  
150  
P-  
F:  
CI